

Ler é saber

Son tres verbos cos infinitivos en marcha polos corredores do silencio e do mencer . A lucería axeitada. Velaí as ferraxes da roda que non cesa. Ponte en obra e abriranse todas as esperas a prol das vidas na ardentía, en superficie ou no profundo. Ti podes amar dende as palabras e aborrecer o plaxio e as rotinas. De por sempre foi así o noso mundo; xa dende rillotes. Qué cousiña cousa será o imaxinario para se impor ao Everest das nosas vidas do presente, do pasado e dos futuros? Zunen as abellas nesta primavera 2015 e as flores visten maio no conforto. A fábrica do mel nas avenidas do tráfico do instinto, xa dende os albores. E pousan as palabras na casa do común. E medra o día. A noite acouga e predispón un asubío. Xente hai de noso indiferente e vagarosa que sonea e non acorda senón medos diante dos albores.

Meus caros, Amigas e Amigos da Nosa Lingua, a noite é longa e o soño un manantío. Esa fervenza que vén de lonxe nas idades e multiplica a fermosura dos convivios, as agras da memoria que están a reverter nas arcas da ledicia e do tempo que non cesa.

Lembro todas as miñas tantas sortes, cando o sol aguza o instinto da luz e da paisaxe, en harmonías. E escoito as voces do parladoiro milenario, nos ecos e nos luanes de cadanseu que fía e que confía na roca amorosiña de Ariadna e nas chiscadelas luminosas de Penélope. O labor e o namoro de más vidas. De tinta e de papel. De amor e de solagos a prol da creación Gallaecia. Falarmos pois da oralidade e da escrita de noso é cadrar moi ben e sabio. En cadanseu paso do común agrandan as estirpes e os abrochos permanentes nas arestoras de maio, que sempre están, existen para sermos agra de lecer e creación coas palabras que son autentes, malia ao tempo brutal que non nos queira nos rodopíos de pensamento e arte que nos cadran de noso e de por vidas. Un fume voraz en ardentía pode estar ao caladiño a prol das témporas que agardan o *auto-odio* e o *desleixo nun exilio de bitola*. Esa sima que nos quer de tanto incertos e vagantes, ocultas e ocultos. Mais os séculos falan de seu e prégannos más vidas, moitas más, en serio, no Sistema Literario de Galiza: tanta riqueza. E as autoestimas varrendo as horas tristes tralas néboas de todos os abrentes e os camiños.

Xosé Vázquez Pintor.

maio 2015